

## VII

—Teacher Thomas! You saw the goal of Gareth Bale yesterday?<sup>23</sup>

Se ben os progresos co inglés dalgúns dos meus alumnos eran limitados, certamente semellaban ben preparados para a súa futura integración no mercado laboral.

Non, non vira o gol de Bale nin ningún outro programa deportivo na tarde do domingo. Pasáraa xunto ao televisor analizando con Lizzy, Anxos e Bruno a nova da aparición do coala. Parecíame un tema que por interese e proximidade podía xerar certo debate no alumnado de sexto de primaria. Lanceilles a proposta.

—How do you feel about the introduction of koalas in the Galician habitat?<sup>24</sup>

Como introdución escollín a pequena crónica que a BBC News fixera sobre o suceso.

Mesmo se non comprenderon gran cousa da emisión da BBC, tomaron a actividade con grande interese. A maior parte deles escoitaran falar do asunto a través dos medios locais ou de familiares que seguiran esa información, e dalgún xeito, agradecían ter a posibilidade de mostrar as súas opinións. De contado establecéronse dous grupos claramente contrapostos.

O maioritario consideraba que a chegada de coalas a Galicia era unha noticia excelente. Xunto cos osos

panda, os coalas eran os animais máis bonitos que existían, así que era unha gran sorte para nós telos en Galicia.

Este argumento básico xerou un debate colateral que me vin obrigado a moderar para non nos desviar en demasía do tema central. Os donos de mascotas consideraron que o seu can, o seu gato ou a súa cobaia (tachar o que non corresponda) eran máis bonitos que os coalas e case tanto como os osos panda. Eu intervín e propuxen que considerásemos os coalas e os osos panda como animais salvaxes que non entraban en competencia coas mascotas que vivían na casa. Logo de que Andrea remarcase que a ela si lle gustaría ter un coala na casa como mascota, aceptouse a miña proposición.

Volvendo ao asunto principal, o grupo minoritario caracterizábase pola súa oposición a que houbera coalas en Galicia (alén de no zoo de Vigo, onde si podían estar). Porén, os argumentos deste grupo eran menos homoxéneos. Había nenos que consideraban que os coalas non servían para nada, que o único que facían eran *fxxxr* as árbores (especificamente, o rapaz que lanzara esta idea dixerá «to fxxk the threes») e que fosen bonitos ou non tiña pouca importancia. Pola súa parte, Lucía Pérez, unha das nenas máis espelidas da clase, apartouse do subsector funcionalista e desenvolveu un argumento máis sofisticado que denominou «o efecto bolboretas». De feito, moi meritoriamente, empregou o termo inglés «butterfly effect». Explicou que a introdución de especies estranxeiras («allochthonous», corrixina) nun hábitat local podería provocar en poucos anos a destrución dese mesmo hábitat. Certo é que Lucía se perdeu un pouco cando tentou introducir como fose as bolboretas

no impacto que os coalas terían sobre a cadea trófica pero, en xeral, o seu razoamento estivera ben montado e conseguira atraer algúns rapaces indecisos cara a ese grupo. Ademais, usara un inglés bastante aceptábel polo que, cheo de fachenda polo meu labor como profesor, anotei no meu caderno unha referencia positiva de Lucía. Ao que, para a miña sorpresa, Lucía non soubo responder foi ao contra-argumento lanzado por Andrea de que tamén os kiwis viñan de Australia e en Galicia se daban moi ben, en especial nas aforas de Vigo, de onde eran orixinarios os seus avós paternos.

—E as patacas veñen de América! —berraron dende o fondo— Aquí antes comíanse castañas!

Lucía, desconcertada, non soubo máis que dicir (en español, desafortunadamente) que que tiña que ver unha cousa coa outra.

Entre os opositores á presenza coaliana en Coto-bade, Nicolás Regueira e Hugo Maceiras Sánchez erixíronse como subsector escéptico. Nicolás comezou cuestionando o feito en si, que tivesen aparecido coalas en Galicia. Cando lle expliquei que había varias fotos publicadas en diferentes xornais e que tanto a TVG como Antena 3 entrevistaran os rapaces que fixeran o primeiro «avistamento», Nico cuestionou as fontes. Argumentou, nun inglés certamente bo, que iso non quería dicir nada, que seguramente as fotos serían falsas («the pictures are probably fake!») e que os rapaces que fixeran as declaracións probabelmente foran subornados por, como non, empresas multinacionais. Esta referencia á intervención das multinacionais gustoulle especialmente a Hugo Maceiras quen, desafortunadamente nun inglés moito máis pobre que o do seu compañeiro, explicou que a solta de

coalas en Cotobade posibelmente formaba parte dun plan perpetrado polas grandes farmacéuticas para estender enfermidades tropicais por Europa e así vender máis vacinas.

—How do you think the koala managed to get to Galicia?<sup>25</sup> —pregunteilles.

—In a private jet, certainly!<sup>26</sup> —afirmou Nicolás, seguro de si mesmo.

—Non sexas parvo! —retrucou Lucía, gañando o favor de boa parte da clase á que Nicolás tamén lle parecía un idiota fachendoso. As cousas que veñen de Australia veñen en barco, metidos en caixas de ferro («container ship», precisei eu despois de mandar non empregar linguaxe ofensiva cos compañeiros). Por iso apareceu preto da costa.

—Iso son as cousas que veñen de China! Vas de lista e non tes puta idea!

—Enough! Settle down!<sup>27</sup> —Cortei a conversa antes de que Lucía e Nicolás continuasen coa liorta.

Co obxectivo de mudar a dirección pola que se encamiñaba o debate, preguntei á clase o que consideraban eles que se debería facer cos coalas, asumindo que a súa presenza en Galicia fose real, claro.

Os contrarios á presenza de coalas en Galicia propuxeron como primeira opción a captura dos exemplares salvaxes e o seu traslado ao zoo de Vigo. Nun primeiro momento, o subsector dos funcionalistas parecera querer suxerir a caza e exterminio dos coalas que se atopasen polo monte. Porén, a resposta unívoca dos seus compañeiros ante a crueldade de tamaña proposta fixo que recuasen. O zoo de Vigo podía ser unha boa solución. Segundo eles, bastaba con substituír balas por dardos

adormentadores. Pola súa parte, Lucía Pérez dixo que a ela o zoo de Vigo non lle gustaba, parecíalle cruel. Propuxo que unha vez capturados sen facerlles dano, os coalas fosen devoltos ao seu lugar de orixe, a Australia. Os funcionalistas concordaron con ela, sempre e cando fosen os australianos os que pagasen os portes.

Entre os defensores da permanencia dos coalas, o sentir xeral era que a mellor solución sería delimitar unha parte de monte suficientemente grande como para que puidesen prosperar, libres de predadores. Como os osos panda e os coalas non eran competidores, que se soubese, os rapaces suxeriron que se levasen tamén a Cotobade uns cantos osos panda. Lucía Pérez opúxose e insistiu en que, ante todo, non se debía «agrarar o problema introducindo máis especies foráneas en Galicia, nin tan sequera osos panda!». Pola miña parte, eu advertín de que en Cotobade, ao parecer, abundaban os eucaliptos pero non o bambú do que se alimentaban os panda. Logo da miña intervención a idea foi desbotada.

Cara ao remate da hora de clase, o grupo conseguiu chegar a unha posición practicamente de consenso nun aspecto particular. Tan só Irene Santos e Samuel se abstiveron, cousa que non tiña nada de sorprendente. O resto dos rapaces pensaban que aproveitando que había coalas tan cerca de Santiago, o colexio debería organizar unha excursión a Cotobade. Outras medidas adicionais poderían ser analizadas unha vez se explorase máis de cerca a situación. Ante a práctica unanimidade da proposta comprometinme a falar co director e con outros profesores. Tamén a viaxar con eles se a cousa ía cara adiante.

Durante o tempo de recreo, na sala de profesores, compartín a miña experiencia con Bruno. Por suposto, durante a discusión houbera berros e interrupcións. Ademais, a proporción de palabras e gramática inglesas que se utilizaran, no mellor dos casos, non superara o vinte por cento. Porén, moitos dos rapaces mostraran gran capacidade para fiar argumentos, algúns certamente avanzados para estudantes de primaria, e mesmo algúns alumnos conseguiran expresar os seus pensamentos nun inglés bastante correcto. Na fin era do que se trataba.

Sáímos ao patio e puxémonos á sombra. O verán de San Martiño chegara moi cedo ese ano. Bruno confirmoume que Lucía mostraba a miúdo unha intelixencia e unha madurez superiores ás dos seus compañeiros. Por contra, quen o sorprendera moi positivamente fora o subsector escéptico.

—Se o analizas ben —dixo— non che é ningunha parvada. Alguén tivo que poñer ese coala aí, e por algún motivo! O becho non ía chegar coma polisón nun voo de Melbourne a Pontevedra! Eu non sei se serían as grandes farmacéuticas, ENCE ou a cona bendita, pero algo moi raro está a suceder.

—Haberá que analizalo de preto entón —respondín—. Así tamén nos vamos familiarizando co terreo en caso de que Saúl acepte que levemos os rapaces de excursión.

—Se consigues convencer a Aurora de que a excursión faga parte do programa de ciencias naturais, Saúl acepta seguro. Inglés e medio ambiente! Á ANPA íalle encantar!

—E que facemos contigo? Como xustificamos a túa presenza? —preguntei.

—Está claro, o profe de galego ten que ir para que vos poidades comunicar cos nativos —concluíu.

## VIII

«How to survive in the Spanish wilderness: Lessons from a Prime Minister» by Manuel Anxo Morado<sup>28</sup>.

Manuel Anxo Morado is a Spanish writer and journalist<sup>29</sup>

Descubrín a Morado nos meus últimos meses en Compostela, cando comezou a escribir para The Guardian. Encantárame. O seu estilo parecérame tremendamente atractivo; un artigo, un argumento a miúdo pouco convencional. Estrutura clara, linguaxe complexa e grandes doses de humor. En The Guardian comentaba sobre a actualidade política española partindo de feitos puntuais, case anecdóticos. Sen dúbida, Morado non podía desaproveitar algo tan inesperado coma a aparición dun coala nun monte de Europa occidental para deixar o seu parecer.

A súa columna comezaba recoñecendo, con falsa modestia, que (tamén el) tivera que acudir á Wikipedia para coñecer os hábitos e costumes de Xustiño, o novo residente da suposta carballeira na que, hoxe en día, proliferaban os eucaliptos e a quen, como sinal de benvida, os outros fregueses bautizaran co nome do santo local. O feito de que o coala fotografado en Galicia fose posibelmente unha femia non parecera importar.

Xa que as causas de como e por que chegara Xustiño a Galicia debían ser analizadas por xente con moito maior coñecemento que el sobre a materia («en calquera caso, os expertos no cambio climático medraban tan exponencialmente coma o propio quecemento global», ironizaba), Morado preferira tratar a importante cuestión (especialmente importante para a coala) de se Xustiño podería sobrevivir nun entorno tan diferente ao que, cría, a exemplar de *Phascolarctos cinereus* estaba até ese momento habituada.

Segundo o que Morado lera sobre a morfoloxía e o comportamento dos coalas, Xustiño non só parecía estar perfectamente capacitada para sobrevivir en estado salvaxe nos bosques atlánticos españois, senón que mesmo podería chegar a converterse nun piar da sociedade. O *Primeiro Ministro* español, Mariano Rajoy, con quen Xustiño partillaba numerosas características comportamentais, fixérao antes ca ela.

En primeiro lugar, os coalas, como Rajoy, parecían ser quen de maximizar as súas horas de actividade. Rajoy demostrara, por exemplo, que se podía resolver unha crise económica e asistir a un partido de fútbol en menos dun día. Cabía pensar que a coala, nun principio suxeita a responsabilidades menos importantes, tampouco debiera ter excesivos problemas para completar a súa xornada laboral con relativo suceso. Que Xustiño fose quen de satisfacer as súas necesidades (ademais de folgar) en menos de catro horas podía ser considerado máis un exemplo de eficiencia que de preguiza. Con todo —advertía—, a presenza de coalas en España ía indubidabelmente reforzar os estereotipos sobre a *siesta*



que tanto abundan en Europa para referirse á actitude española perante o traballo.

Xunto coa eficiencia, o outro factor comportamental que Morado consideraba que podía xogar a favor da supervivencia da coala na xungla española era a súa imperturbabilidade; a súa capacidade para manterse indiferente ante os perigos (un área na que o presidente do Goberno español é experto). Os coalas son por instinto animais moi prudentes, que prefiren evitar os problemas manténdose afastados do campo aberto. Xa sexa un cargo institucional ou as pólas dun eucalipto de sete metros de altura, a opción de aferrarse ao terreo coñecido semella ser a opción estratexicamente máis intelixente para evitar a acción de todo tipo de predadores.

Agora ben —consideraba Morado—, o feito de manterse illado en terreo propio podía provocar que Xustiño fose acusada de asociabilidade, cousa que en España foi dende sempre considerado como un pecado maior. Con todo, e para minimizar o dano desas acusacións, a Xustiño bastaríalle con combinar as leccións A e B do catálogo do presidente do Goberno: maximizar o ratio entre interacción social e visibilidade (15 minutos diarios abundaban) e, sempre que fose posíbel, relacionarse con individuos do círculo máis próximo.

Finalmente, Morado advertía de que o gran reto que a coala debería afrontar na súa loita pola supervivencia tiña a ver coa climatoloxía galega, moi diferente da de Australia Oriental. Segundo mencionaba a Wikipedia, os coalas, para protexerse da choiva e do vento australianos, facían do seu corpo unha sorte de bola, usando o pelo para que a choiva esvarase. Como individuo autóctono —dicía Morado—, el sabía que esa estratexema non

Ile ía servir en Galicia, onde a auga podía caer sen cesar durante meses. Porén, tamén nese aspecto Rajoy (el mesmo un exemplar galego autóctono) podía servir como guía para a coala. España é un país climatoloxicamente diverso. De non conseguir adaptarse á humidade da Costa Atlántica, Xustiño sempre podería emigrar a Madrid, onde con certeza ía atopar invernos comparativamente máis secos. Agora ben, Xustiño debería saber —concluía Morado— que se ben chove menos, en Madrid ía tamén atopar moitos menos eucaliptos e predadores moitísimo máis perigosos.

—Que cabrón! —exclamei.

Paseille a *tablet* a Ceri e servinme máis café.

Non creo que Xustiño vaia emigrar tan pronto, pensei. Está un tempo espléndido.

Calquera que almorzase ese día no xardín da casa rural A avoa María, de Campo Lameiro, fose humano ou marsupial, sentiríase confortado. Parecía que San Martiño non quería marchar aínda de Galicia e ninguén parecía ter moita prèsa en que o fixese. Pese a que un dos trazos máis característicos da sociedade galega é o seu gusto por criticar o tempo, o ceo azul e os vinte e dous graos de temperatura desa mañá de outono afloraron un sentir común.

—Déixao estar, que aínda queda moito inverno.

María puidera colocar o cartel de completo en plena tempada baixa grazas ao interese que Xustiño suscitara en toda Galicia. Xa o mércores Bruno comezara a chamar a hospedaría de Cotobade, Cerdedo e Campo Lameiro e ningunha delas tiña dispoñibilidade para a fin de semana. Na de María reservamos os dous últimos cuartos dispoñíbeis. Xunto a nós os seis, aloxábanse alí Xesús

Sanromán, un galego afincado en Bruxelas que traballaba como funcionario da Comisión Europea; Carlos e Dolores, un matrimonio da «raia seca» (discretamente procurei no móbil que era o que iso significaba), que aproveitaba o abundante tempo de lecer que lles ofrecera a xubilación anticipada de Carlos como empregado do Banco Pastor; e tamén unha parella da que non retiven os nomes. Tentaron manterse un pouco afastados de nós (penso que principalmente por causa de Ceri e de Brais) e só lembro que eran de Vigo e que ela era realmente alta, moito máis alta ca el.

O almorzo foi servido en dúas enormes e fermosas mesas de granito. Lizzy, Ceri e mais eu baixamos primeiros e sentamos na mesa máis asombrada. Lizzy sacou un caribán e de seguido comezou a untar manteiga e marmelada nas torradas de toda a familia. Cumprindo co estereotipo, os demais hóspedes foron chegando en estrita orde Norte-Sur. Primeiro Jesús, que preguntou se podía sentar con nós en perfecto inglés, logo Bruno, Anxos e Brais; a parella de Vigo que saudou e sentou na outra mesa e, finalmente, Dolores e Carlos, quen deberon pensar que a nosa mesa ofrecía máis posibilidades de conversa.

Non era nin moito menos a primeira vez que nos acontecía, así que a pregunta de Jesús non nos colleu por sorpresa. Cando viaxabamos por Inglaterra moita xente se sobresaíntaba ao escoitaren parte dunha das nosas conversacións bilingües. De contado identificaban a Lizzy como galesa. O seu inglés delatábaa. Pola contra, a miña procedencia era máis difícil de situar. O meu galés era habitualmente tomado por sueco, danés ou ruso. Mesmo nunha ocasión, facendo turismo por Middlesbrough,

unha señora preguntara se por casualidade eu era checo ou húngaro, xa que a súa filla estaba a preparar unha viaxe co instituto polas cidades imperiais: Viena, Praga e Budapest.

En Gales non era tan habitual que iso acontecese. A maior parte das veces tomábanme por galés. Pola contra, alá era máis frecuente que xente á que acaba de coñecer me preguntase desacougada se sempre lle falaba en galés a Ceri. «Yes, always»<sup>30</sup>, respondía, xa que normalmente ese era o único idioma que coñecía o meu interlocutor.

Chegado a ese punto, a conversa podía coller dúas direccións. Costa arriba, cando a seguinte pregunta era se a nai falaba con el en inglés. Si, respondía eu, e a conversa descontraiáse un pouco. Ou cara ao precipicio, se o interlocutor anglófono se empeñaba en amosar a súa preocupación pola desvantaxe que iso suporía para o futuro do meu fillo.

«Non creo. Teño pensado pagarlle un internado realmente caro para que os seus contactos poidan axudalo a superar calquera adversidade que se lle presente». Tiña a frase ben estudada e sempre funcionaba para finiquitar a conversa, alén de fomentar a miña sona de cretino.

Por sorte, en Galicia a xente era máis ben amábel cos estranxeiros, cando menos cos europeos. Posibelmente Jesús Sanromán non escoitara falar galés na vida, así que a súa pregunta pareceume ben intencionada. Contentouse con saber que eses estraños sons nos que falaba eu se trataban en realidade de lingua galesa. Mentres asentía ante a miña explicación e antes de que puidese colocar a súa seguinte pregunta, Lizzy xa lle ofreceu toda a

información que buscaba. Somos galeses, de Swansea, na costa meridional. Levamos xa case tres meses vivindo en Santiago. Thomas é profesor de inglés nunha escola e gústanos moito Galicia, especialmente a súa gastronomía. Tampouco o clima é tan terríbel coma nos dixeran.

Jesús riu e dixo.

—Entendo que tedes que responder ás mesmas cousas unha e outra vez.

Era certo. Lizzy desenvolvera unha resposta estándar de seis frases completas en español sobre a nosa procedencia, o que facíamos en Galicia e sobre canto nos gustaba vivir aquí. Como a aprendera de memoria e a soltaba de corrido viuse obrigada a preparar unha resposta complementaria sobre onde fora que aprendera a falar tan ben español. Cando Carlos e Dolores se instalaron na nosa mesa, Lizzy fíxolle a Jesús unha demostración.

—Empecé a estudiarlo de maneira autodidacta en Gales, al pouco de conocer a Thomas. Mi objetivo era poder algún día llegar a leer a Gabriel García Márquez en español. Desde que vivo en Santiago, aprovecho para practicalo con buenas amigas como Anxos y para descubrir otros escritores como Lois Rivas y cineastas más allá de Almodóvar. Tamén comecei a estudar un pouquiño de galego. Enténdoo pero non falo demasiado.

—Fala, fala! —dixo Anxos, mentres Jesús e Dolores asentían con admiración. Pola contra, Carlos non parecía moi convencido de que aprender galego fose un bo investimento do tempo de Lizzy.

Bruno reaccionou:

—Pois ...

Para evitar que o meu amigo nos levase cara o precipicio, interrompino e tomei control da conversa.

Efectivamente, todos tiñamos pensado ir esa mañá á carballeira de San Xusto. Carlos e Dolores ían coa esperanza de poder ver algúns coalas. A Anxos a situación parecíalle tan surrealista que quería vela cos seus propios ollos. Porén, Bruno e Jesús Sanromán concordaban en que algo moi grave estaba a acontecer en Galiza. Non era nin medio normal que marsupiais orixinarios de Australia colonizasen unha carballeira galega.

—Ben, aínda que da carballeira debe ficar pouco!  
—apuntou Bruno— velaí o problema!

Aceptando que a presenza de coalas non era «nin medio normal», a familia Reed estaba completamente en modo safari dende que lle dixeramos a Ceri que o sábado íamos ir ao monte ver coalas. Como o coala non era un animal que o neno tivese moi dominado, eu levaba xa tres días pintando «Xustiños» de todas as cores e en diferentes posicións para que el se afixese ao concepto. Mesmo esa noite, na casa de María, Lizzy fixéralle unha fantástica representación a Ceri de *Riciños de ouro e os tres coalas* antes de que o cativo quedase durmido. Ceri estaba ilusionadísimo e penso que tamén o estabamos Lizzy e mais eu. Así que, unha vez a nosa bolsa foi enchida con froita, auga mineral e unha cámara de vídeo, encaixamos as nosas gorras de excursionistas e subimos ao coche. A conciencia medio ambiental non ía interporse ese día no noso labor de pais.